

CAMPAÑA INSPECCIÓN DE TRABAJO: EXPOSICIÓN A ALTAS TEMPERATURAS

A inspección de traballo está levando a cabo unha campaña para comprobar os riscos derivados da exposición á condicións termo higrométricas extremas nos centros de traballo pola exposición ás altas temperaturas. Para traballos en interior a temperatura debe estar comprendida entre 17°C e 27°C (traballos sedentarios) e entre 14°C e 25°C (traballos lixeiros) e no exterior deberán tomarse medidas para que os traballadores poidan protexerse das inclemencias do tempo.

A empresa debe establecer medidas organizativas para evitar que os traballadores sufran golpes de calor tales como: **Limitar as actividades mais intensas** nas horas centrais do día, **establecer rotacións** para reducir o tempo de exposición ou **adaptar o horario da xornada laboral**, posibilitar faguer **maior número de descansos en zonas alexadas das fontes de calor** e poñer a disposición dos traballadores **puntos de suministro de auga fresca**. Un golpe de calor pode provocar dende un desmaio ata o falecemento do traballador. Si a inspección advirte o incumplemento do deber de protección das persoas traballadoras en relación con estes riscos específicos, pode ser constitutivo dunha infracción grave ou moi grave sancionable coa correspondente multa de **2.451 € a 49.180 €** para as **infraccións graves** e de **49.181 € a 986.736 €** para as **moi graves**.